

ALFONSO PEXEGUEIRO POETA

«Somos infancias mal habitadas»

ALFONSO PEXEGUEIRO LEVA FERIDAS NA ALMA: «AS VECES TAMÉN TES DEREITO A ARREPENTIRTE DE FACER COUSAS». EL FIXO MOITAS NO MUNDO DA CULTURA E, AÍNDAA QUE NON DI CALES O MANCARON, É PARTIDARIO DE EXPOÑER AS FERIDAS, «NON OCULTALAS, PORQUE VEXO UNHA SOCIEDADE ENGANGRENADA, CO RETROCESO QUE HAI, E SEMELLA QUE NOS TOMAN POR TONTOS». O POETA QUE PARTICIPOU NA FUNDACIÓN DA ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA, A REVISTA «VAGALUME», O GRUPO ROMPENDE OU OS ENCONTROS GALEUSCA CON ESCRITORES VASCOS, CATALÁNS E GALEGOS, SEGUE A ABRIR CAMIÑOS, AGORA NA DEFENSA DOS NENOS COMO SUXEITOS: «SE NON, NON SE EVITARÁ A BARBARIE»

RODRI GARCÍA | Cun feixe de libros detrás Alfonso Pexegueiro (Angoares-Ponteareas, 1948) volve ollar a infancia, agora mesmo a súa gran teima, que salta unha e outra vez na conversa e que ocupa o seu último libro. A razón: «Se maltratas á infancia non se cambiará a sociedade, non se evitará a barbarie».

—**¿Levaba tempo de silencio literario?**

—Publiquei non hai moito *Lapsus a comedia de existir* [Axóuxere Editora], un poema dialogado que é tamén unha peza de teatro defendendo a infancia. Tardei 36 en escribilo, desde 1977. É un libro moi difícil que conta como os pais maltratan aos nenos e como iso se permite, se consinte... A infancia e un tema que me preocupa moito.

—**¿Mestura poesía e teatro?**

—Nunca limitei os xéneros, sempre os interrelaciono. Intento utilizar todos os xéneros na construción dos meus libros.

—**Unha mestura foi cando Anxo Pintos e Quico Comeña fixeron a banda sonora do seu poemario «A illa das mulleres loucas».**

—Díciame que facía teatro camuflado. Interésame moito traballar co consciente e o inconsciente. A humanidade está en débeda coa infancia e coa muller, son temas que trato moito na miña poesía. Somos infancias mal habitadas. O tema da infancia tomase como infantil, ñoño, cando é un tema moi serio, de base social moi importante, xa que de aí parte todo. A sociedade nega a capacidade de amar e destrúe a infancia que é a base da nosa vida. O neno non se entende como suxeito, senón como obxecto: vézmo-lo nos casos de malos tratos cando o xuíz obriga a que o fillo vaia co maltratador. Está sendo cómplice dese maltrato.

—**Diante diso, ¿que pode facer un poeta?**

—Os poetas temos unha gran responsabilidade social para ir á realidade das cousas. Freud fixo moito dano: descubriu que os nenos eran maltratados pero limitouse a dicir que tiñan moitas fantasías, non



foi ao problema. Facemos poemas moi bonitos sobre o amor, pero logo ese amor ímolo matando na infancia. Maltratando á infancia non se vai cambiar a sociedade, non se evitará a barbarie.

—**¿Publica moi pouco a pouco?**

—Son un escritor moi lento e logo é difícil de que me publiquen. Agradezo moito a Axóuxere que me publicara *Lapsus...* E espero que algún

todo o retroceso que hai, que parece que nos toman como tontos. A dificultade non é concibir novas ideas, senón saber desfacerse das antigas. A tecnificar o medo e a ignorancia chámanlle progreso. Hoxe pensar non importa: so obedecer e xa está.

—**E despois dos 36 anos de «Lapsus...». ¿Con que anda?**

—Estou bloqueado nun libro de 400 páxinas, de narrativa. Non me gustan os estilos

—**¿Dedícase só a escrita?**

—Dediqueime sempre á escritura. Atopei moitísimas dificultades. Sempre atopas quen di que iso non serve. Xeralmente fun facendo as cousas como podía, case como a finais do século XIX.

—**¿Non é moi traballoso iso?**

—Consume moito. Estás moi pendente buscando o estilo, a forma de pensar. Atópaste unha inmensa soidade porque escribo desde a linguaxe, desde o desorde, desde parámetros totalmente diferentes. Toda a filosofía e toda a literatura non tratan o tema da infancia, e tes que medrar á maneira que a sociedade che impón. O neno hai que collelo como unha persoa, non como un negocio pensando no que vai ser o día de mañá.

—**¿Le moito?**

—Agora sobre todo releo. A Dostoievski, que é un dos meus autores favoritos, a Hölderlin e bastantes libros de ensaio.

—**¿É verdade que cando Ferrín leu «Seraogna» díxolle que despois dese libro xa non tiña por que escribir máis?**

—Mais ou menos. O de Ferrín foi unha barbaridade. *Seraogna* está aí e non ten máis que dicir. Un non sabe se os primeiros libros son os definitivos, pero estou moi orgulloso de *Dados brancos*, *O lago das garzas azuis*, *A illa das mulleres loucas* e de *Lapsus...*, que é unha obra moi difícil pero moi necesaria.

—**Estivo en moitas iniciativas literarias e culturais...**

—Si, e acabaron como acabaron. Ás veces tamén tes dereito a arrepentirte de facer cousas. Os poetas temos que estar moi lonxe do poder; se non, estragamos a poesía, canto máis lonxe mellor. Un dos erros fundamentais e básicos da cultura ao longo da historia é o de ter pactado co poder, desde Velázquez. Aí a arte para min perdeu o seu significado para transformar a sociedade. Ese pacto atou sempre aos artistas. Admiro moito a Beethoven na súa actitude de rebeldía, non como Mozart que si aceptaba as normas dos seus mecenas. E hoxe xa non digo nada: non hai dignidade ningunha e escríbese para saír na foto, para o *bestseller*.

UN ERRO FUNDAMENTAL DA CULTURA AO LARGO DA HISTORIA É O DE TER PACTADO CO PODER, DESDE VELÁZQUEZ (...) ADMIRO A BEETHOVEN NA SÚA REBELDÍA, NON COMO MOZART»

día se leve á escena.

—**¿Por que esa lentitude?**

—Gústame reflexionar moito, pensar. Temos que revitalizar a existencia e a escritura. Son partidario de expoñer a ferida, non de ocultala. Vexo unha sociedade engangrenada, con

normais, non me convencen para dicir as cousas. É como se estivera tallando unha pedra. Ao mellor debería variar a maneira de facer isto, pero é moi difícil atopar o estilo para dicir as cousas. Cada libro está escrito dunha maneira distinta...